

Concello de Covelo

ANUNCIO

AXUDA ECONÓMICA PARA O PAGO DE PARTE DA FACTURA ELÉCTRICA A TRAVÉS DO TICKET ELÉCTRICO SOCIAL DE GALICIA

As axudas teñen por obxecto subvencionar parte da factura eléctrica ás unidades de convivencia con **menores** ou **discapacitados** cuxos ingresos totais da unidade de convivencia non superen 1,5 veces o **IPREM** (9.585,19 €/ano). (DOG nº 10 do 16/01/2017).

Os gastos subvencionables serán as facturas de electricidade (IVE incluído) cuxo período de lectura estea comprendido entre o 1 de xullo 2016 e o 30 de xuño de 2017.

A contía da subvención será unha cantidade fixa de 180 € ao ano para as unidades de convivencia que cumpran os requisitos, e de 300 € ao ano para as que acrediten ser ademais familia numerosa.

REQUISITOS:

- Ser residentes na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Que na unidade de convivencia haxa menores de idade ou discapacitados con un grao de discapacidade igual ou maior ao 33%.
- Ser o pagador da correspondente factura de enerxía eléctrica.
- Que os ingresos totais da unidade de convivencia non superen 1,5 veces o IPREM.
- Non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións.

Só poderá presentarse unha única solicitude por unidade de convivencia.

Información na oficina dos Servizos Sociais do Concello de Covelo .

Tlfno:986 650027 (ext.1)

PRAZO DE PRESENTACIÓN:

O prazo de presentación de solicitudes comezará o 17 de xaneiro de 2017 e rematará o 15 de xullo de 2017.

O ALCALDE . D. Juan Pablo Castillo Amigo (asinado electronicamente)



Concello de Covelo

Concello de Covelo

Praza Mestre Cerviño, 2, Covelo. 36872 Pontevedra. Tfno. 986 650 027. Fax: 986 650 131